


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

13-14 de maio do 2023

## VI SEMANA DO TEMPO DA PASCUA



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **nº 1 A Cristo cantamos**

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Aquí estamos porque cada oito días, con toda a Igrexa reunímonos para festexar a Pascua do Señor.

Na vida hai un tempo para aprender, e un tempo para vivir o aprendido.

Iso foi o que lle pasou aos discípulos, pois o tempo no que compartiron con Xesús serviulles para facer seus aqueles consellos, ideas e reflexións do Mestre.

Esa é tamén a nosa experiencia cando estamos rematando o tempo da pascua. Ao longo destes días Xesús foinos amosando o seu xeito de sentir e facer, e agora facemos nosos eses seus consellos. Vivir hoxe o aprendido de Xesús pasa por amar a Deus coma Pai, amar ás persoas coma irmáns, e amar a terra como fogar.

E agora, aquí, como igrexa, como parroquia, celebramos a fe que fai de nós unha comunidade que camiña da man de Xesús facendo crible a Pascua.

## ACOLLIDA DA AUGA

**Celebrante:** Fixemos memoria do noso bautismo na celebración da vixilia pascual. Alí compartíamos a auga de toda a comunidade dos Cotos, e agora aquí na vida en parroquia, queremos lembrar que Cristo non nos deixa sos, queremos sentirnos confiados en Deus porque é Pai-Nai, e queremos agradecer a vida coa que El nos agasalla en cada Pascua.

### 🎵 n° 2 *Ide e pregoade*

**Celebrante:** *Damos grazas dicindo:*

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

**Monitor/a**

- \* Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeches renacer á vida do evanxeo
- \* Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes
- \* Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa polo alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo agradecidos por poder compartir a Pascua.*

*(Silenzo)*

**Celebrante:** Deus de misericordia, e cheo de amor, axúdanos a seguir celebrando dun xeito responsable estes días de alegría en honor a Xesús, o Resucitado.

Que practiquemos nas obras o que celebramos na fe. Pedímoscho polo mesmo Xesucristo que Resucitado vive e reina contigo na unidade do Espírito santo, por sempre eternamente. Amén.

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *Nestes días da pascua somos invitados a pousar a nosa mirada no bo facer da primeira comunidade. Agora, no libro dos feitos dos apóstolos imos escoitar como se achegan a Samaría para espallar a Palabra de Deus.*

*No evanxeo, Xesús hoxe dínolo ben claro: Eu non vos deixarei sos, enchereivos do Espírito.*

*Amándonos coma irmáns estamos testemuñando que Xesús está con nós.*

*Escoitemos.*

Leccionario I-A páx 158 **Feit 8, 5-8.14-17** LECTURA

## LECTURA DO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Felipe baixou á cidade de Samaría e predicoulles o Mesías. O pobo, dun acordo, atendía ao que dicía Felipe, sentindo e vendo os sinais que facía; pois de moitos posuídos saían espíritos impuros a berros, e moitos parálíticos e coxos quedaban curados. A cidade encheuse de alegría.

Ao sentiren dicir os apóstolos, que estaban en Xerusalén, que Samaría acollera a palabra de Deus, mandáronlles a Pedro e a Xoán. Baixaron logo alí, e oraron polos samaritanos, para que recibisen o Espírito Santo, pois aínda non baixara sobre ningún deles: só os bautizaran no nome do Señor Xesús. Entón, fóronlles impoñendo as mans e recibiron o Espírito Santo.

### Palabra do Señor

🎵 *nº 8 No colo da miña nai* SALMO



5

(en pé) *Leccionario I A páx 160 Xn 14, 15-21 EVANXEO*

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela díxolle Xesús aos seus discípulos:

Se me amades, gardaredes os meus mandamentos, e eu rogareille ao Pai, e daravos outro Paráclito para que decote estea convosco: o Espírito da Verdade. O mundo non o pode acoller, pois non o ve nin o coñece; mais vós coñecédelo, pois permanece onda vós e está en vós. Non vos deixarei orfos; logo volvo onda vós. Un pouquiño máis e o mundo xa non me verá; pero vós habédesme ver, que eu vivo e tamén vós habedes vivir. Naquel día coñeceredes que eu estou en meu Pai, e vós en min, e eu en vós. Quen ten os meus mandamentos e os garda, ese ámame; o que me ama será amado por meu Pai, e eu amareino e manifestareime a el.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



6

## UNHAS PALABRAS DE REFLEXIÓN

Hoxe, atopámonos con Xesús dicíndonos que El non nos deixará sos, pero onde e cando está El con nós?

\* Non nos deixa sos, e está á nosa beira cando facemos comunidade e parroquia, deixando a un lado o que nos diferencia e valorando o que nos une.

\* Non nos deixa sos, e está á nosa beira en cada persoa que se esforza por sementar paz nestes tempos nos que enseguida somos violentos coas palabras e cos feitos.

\* Non nos deixa sos, e está á nosa beira cada vez que facemos ben a alguén, mesmo sen esperar nada a cambio.

\* Non nos deixa sos, e está á nosa beira en cada un dos fogares da parroquia, tanto nos que a vida reborda como nos que parece que a vida se vai esquecendo.

\* Non nos deixa sos, e está á nosa beira cando temos un bo día e nos sentimos satisfeitos, e está tamén cando por unhas ou outras razóns non temos un bo día.



## RENUNCIAMOS AO MAL

*Celebrante* Neste tempo da Pascua, deixándonos alumar pola luz da fe, renovamos os nosos compromisos de facer ben e loitar contra o mal.



### Monitor/a

- **Renunciades a crervos superiores aos outros; isto é: a calquera clase de abuso, discriminación, orgullo, egoísmo e desprezo?**

**Si, renunciemos**

- **Renunciades a calar diante das inxustizas e as necesidades das persoas e dos pobos, por covardía, preguiza, comodidade e vantaxes persoais?**

**Si, renunciemos**

- **Renunciades aos criterios e comportamentos que fan do diñeiro a aspiración máis grande da vida, que poñen o pracer por enriba de todo, e que aprecian a liberdade persoal por enriba da responsabilidade social?**

**Si, renunciemos**

## PROFESIÓN DA FE

**Celebrante** Neste tempo da Pascua, deixándonos quecer á beira do RESUCITADO compartimos o credo dicindo  
**SI CREEMOS**

**Monitor/a:**

Credes en Deus,

Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima nas súas mans e nos acolle no seu corazón?

**SI CREEMOS**

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido, sempre atento para dar unha man, e que nos quere vivos e dando vida á Pascua?

**SI CREEMOS**

Credes no Espírito de Deus, que nos alenta esperanza para soñar irmandade, que nos alenta forza para escandalizarnos ante a guerra, que nos alenta paz para sementala por toda a Terra?.

**SI CREEMOS**

Credes na Igrexa,

unha Igrexa que se fai crible en comunidade, acollidora, respectuosa e coidadora da terra e de todos os homes e mulleres que na vida se sinten inxustamente tratados?

**SI CREEMOS**

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** Irmáns e irmás, invoquemos agora a misericordia de Deus que nos quere ben. Oremos dicindo:

**SEÑOR DA VIDA, ESCOITA A NOSA ORACIÓN**

**Monitor/a:**

- ✓ Señor, non nos deixes sos cada vez que pensemos máis en nós mesmos, e menos na parroquia. Oremos
- ✓ Señor, non nos deixes sos cada vez que esixamos os nosos dereitos esquecendo as nosas obrigas. Oremos
- ✓ Señor, non nos deixes sos cada vez que sexamos intolerantes con quen pensa e vive diferente. Oremos
- ✓ Señor, non nos deixes sos cada vez que nos creamos mellores que os demais. Oremos
- ✓ Señor, non nos deixes sos cada vez que pretendamos ser crentes contentándonos coas rutinas e os costumes. Oremos
- ✓ Señor, non nos deixes sos, contigo ben conta nos damos que podemos facer mellor as cousas. Oremos

**Celebrante:** Señor, Ti es o noso Pai, e Cristo o noso Irmán que promete estar á nosa beira enchéndonos co seu Espírito, acolle estas pregarías que pousamos nas túas mans. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

### 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

#### NOSO PAI

**Celebrante:** *Con Cristo á nosa beira queremos deixarnos aconsellar por El, queremos facer nosas as súas palabras, por iso somos quen de rezar dicindo coma El nos aprendeu:*

*NOSO PAI ...*

#### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *“PAZ CONVOSCO”; as palabras do resucitado volven ser pronunciadas hoxe na nosa comunidade. Fagamos honor ao noso nome de cristiáns; acollamos a paz e deamos exemplo dela no fogar, na familia, na parroquia. Sexamos hoxe cribles na paz.*

#### COMUÑÓN

**Celebrante:** *Pola man dos apóstolos facíanse moitos signos e aquela primeira comunidade botaba a andar. Nós compartimos unha mesa en comunidade como signo dunha vida toda ela compartida, no que temos, no que somos, no que amamos, no que vale a pena. Ditosos nós convidados a esta festa da Pascua do Señor.*

*Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar*

 *nº 9 Acharte presente na vida*

### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

#### ORACIÓN FINAL

#### **Celebrante:**

*Señor, Noso Pai, que a celebración que temos compartido, nos alente no esforzo por guiar os nosos pasos polos vieiros do teu reino, dando froitos dabondo para os demais. Pedímoscho por Cristo que vive e reina Resucitado para sempre eternamente. Amén*

*Con Xesús Resucitado á nosa beira queremos facer vida na nosa comunidade, no noso rural, coas nosas xentes.*

*Con Xesús Resucitado á nosa beira queremos fartar as sedes de xustiza de todas as persoas que non son respectadas por pensar, crer ou vivir diferente.*

*Con Xesús Resucitado á nosa beira queremos compartir arredor da mesa que nos fai comunidade, facéndonos cribles en Os Cotos e para toda a Igrexa.*

*Avísase das misas (ver folla do mes)*

*Que teñamos un bo día, unha boa PASCUA e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén  
Podémonos ir en paz.*